

Elena García Paleo

Contactos: elenagarcia.paleo@usc.es, elena.garcia.paleo@rai.usc.es

Academia.edu: <https://usc-es.academia.edu/ElenaGarcia>

Graduada en Filoloxía Clásica pola Universidade de Santiago de Compostela, onde completou a súa formación cun Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas. Actualmente realiza a súa tese doutoral dentro do programa de doutoramento en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia. Vencellada ao Grupo de Investigación “Estudios Clásicos e Medievais da Universidade de Santiago de Compostela” (ClasMedUSC) como Investigadora en Formación e Perfeccionamento, desenvolve a súa labor investigadora no departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela como contratada predoutoral ao abeiro das Axudas de Apoio a Etapa Predoutoral da Xunta de Galicia (convocatoria 2022).

Baixo a dirección da Dra. Yolanda García López, na súa tese doutoral estuda o tratamento do fenómeno escolóxico-ritual dentro das poéticas de eruditos de época alexandrina como Calímaco, Apolonio ou Herodas, así como a pervivencia destes tratamentos en autores latinos como Ovidio e Catulo. Realizou diversos cursos de formación sobre Historia do Pensamento Grego Antigo, Helenístico e Romano, organizados polo Instituto Europeo de Artes e Humanidades. Tamén presentou poñencias en distintos congresos como o IX CONGRESO NACIONAL GANIMEDES, onde participou coa comunicación titulada “Lo obsceno y lo misterico en los Mimiambos de Herodas: una revisión del vínculo en clave escológica”, ou as VI JORNADAS DOCTORALES DE CIENCIAS DE LA ANTIGÜEDAD DE LA UNIVERSIDAD DE ZARAGOZA, coa comunicación titulada: “(Des)vergüenza cultural y especulación filosófica griega antigua: la obscenidad ritual como ‘remedios’ en el fragmento B 68 DK de Heráclito”.